

SEN TÍTULO 4X8X6

(Técnica mixta sobre escenario)

FICHAS DE TRABAJO NA AULA PARA ALUMNOS DE E.S.O.

- ❁ ¿Qué é o que sucede na obra? ¿Cal é a relación do artista cos demais elementos e obxectos que aparecen na obra?



- ❁ Ao principio do século XX diversos artistas pensaron que a arte podía ir por camiños novos e investigaron as formas, as cores, o movemento, formas novas de expresar ideas... ¿que formas ves na obra que te fagan pensar nun cambio na arte?



- ❁ Cazolos, paus, perchas... aparecen numerosos obxectos que usamos a cotío na obra. ¿Por que pensas que os artistas empregan obxectos cotiás nas súas obras? ¿Que novo significado adquiren para ti eses obxectos?




- Entre todos os personaxes que aparecen na obra ¿hai algún que te chame a atención? ¿por qué? ¿que che suxiren?



- Pensa na túa relación coas obras de arte: ¿te gusta a pintura, a música, o teatro, gústache facer algún traballo artístico? ¿como expresas as túas emocións e sentimentos, que medios ou ferramentas utilizas para expresarte?



- ✿ Na obra a música e o movementos teñen moita importancia. Quizais ti es afeccionado/a á música e esta ten moita presenza na túa vida. ¿que grupos che gustan? Imaxina esta obra de teatro con esa música ¿cambiarías as personaxes? Tenta facer algún personaxe.



- ✿ ¿De cantas maneiras distintas e con que materiais se representa na obra ao home a muller?

